BASES TORNEOS 3X3 (BALONCESTO)

Regras torneo

- Equipos de mínimo 3 xogadores e máximo 5.
  ***poderá haber 6 participantes con algunha excepción**
- Haberá fase de grupos, onde o número de grupos dependerá do número de equipos apuntados.
- Por regra xeral clasificaranse os 2 primeiros de cada grupo.
  ***poderá haber máis clasificados dependendo do número de inscritos**
- Gañar un partido outorgará 2 puntos, empatalo 1 punto e perdelo 0 puntos.
- Unha vez rematada a fase de grupos, haberá fase eliminatoria con semifinal e final.
- Haberá que facer unha inscrición xa sexa online ou papel.
- O sorteo dos grupos farase antes do comezo do torneo.
- Haberá que pagar unha cantidade de diñeiro antes do comezo do torneo.
  ***de non pagar antes do comezo, o equipo non terá dereito a xogar o torneo**

Regras dos partidos

- Partidos a 21 puntos ou 10 minutos (sendo a tempo corrido, a excepción de causa maior).
- Triplas valen 2 puntos e as canastras normais 1 punto.
- En caso de empate na fase de grupos, terase en conta a diferenza de puntos entre os equipos.
- En caso de empate nas fases finais, haberá unha prórroga de 3 minutos. No caso de novo empate, haberá canastra de ouro, é dicir, quen meta a seguinte canastra gaña.
- Será arbitrado polos propios xogadores. En caso de dúbida, terase en conta a opinión do público.
- A contabilización de puntos será administrada por unha serie de persoas que colaboren no torneo. Estes contarán dunha App de marcador no seu teléfono para evitar posibles dúbidas.
- Ao chegar aos últimos 2 minutos de xogo penalizarase o máximo de 3 faltas dun equipo cun tiro libre adicional, que contará 1 punto.
- No caso de faltas intencionadas, será expulsado o xogador que as faga ao cometer 3 faltas, engadindo un tiro libre e posesión para o equipo que a sofre.
- Cando un equipo mete canastra, sacará o equipo contrario dende medio.